





Taller de Radio



I XORNADA DE COORDINADORES E COORDINADORAS DO PROXECTO ABALAR

Elena Esperanza Haz Gómez

Profesora de Lengua Española e coordinadora
Abalar no IES Poeta Díaz Castro (Guitiriz)

Abstract:

Aproveitando a hora de Proxecto Interdisciplinar, os equipamentos ABALAR e as aplicacións da web dinámica do centro, os alumnos de 1º de ESO acceden á AULA VIRTUAL do IES Poeta Díaz Castro, www.edu.xunta.es/centros/iesdiazcastro/aulavirtual/ e, seguindo as instrucións, enlaces e actividades sugeridas polo profesor na Plataforma Moodle, realizan traballos de tipo interdisciplinar con vistas á consecución dun proxecto final: a realización de contos en podcast. Estes podcast foron retransmitidos en aberto en Radio Principal-Vilalba e atopan-se accesíbeis na internet.

Ao longo do curso, os alumnos deberon familiarizarse co entorno MOODLE: alén de participar en foros de discusión, personalizar o seu perfil, ou atender ao calendario e prazos de entrega, realizaron e

enviaron os exercicios (individuais e colectivos) através da plataforma. Para estas actividades contamos co soporte informático dos seus netbooks ABALAR: documentos de texto, presentacións de diapositivas, e entrega de podcast elaborados por eles mesmos. O uso da AULA VIRTUAL permitiu o desenvolvemento no I.E.S. dun ensino autónomo e colaborativo nas modalidades virtual e semipresencial.

O curso, chamado Taller de Radio, levou-se a cabo durante o ano escolar 2011-2012. Actualmente, no presente curso 12-13, retomámos o proxecto coa nova promoción de 1º de ESO (Curso: Taller Interdisciplinar), engandindo novos aspectos a partir dos resultados obtidos no ano anterior.



XUNTA
DE GALICIA



centro autonómico
de formación e innovación

